

unidade_didáctica_
para_secundaria

Aves

de Galicia



Obra Social "la Caixa"

XUNTA DE GALICIA

*Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente. Dirección Xeral de Conservación da Natureza
Coa colaboración da Obra Social "La Caixa"*

Coordinación Xeral do Programa

Cristina Brea Portela

Coordinación pedagóxica de materiais e recursos didácticos

Rubén Villasenín Iglesias

Aves de Galicia
unidade_didáctica_para_secundaria

Aves de Galicia

unidade didáctica para secundaria

INTRODUCCIÓN

Esta unidade didáctica foi elaborada para achegar a todos os mozos e mozas ao mundo da ornitoxía galega. É un plan didáctico deseñado para a dinamización da exposición “**Aves de Galicia**” da Xunta de Galicia.

Con este traballo preténdese achegar unha ferramenta didáctica útil e sinxela que permita aos nosos estudantes de secundaria realizar unha primeira aproximación ao mundo das aves. A finalidade é espertar unha actitude positiva e de valoración dos recursos ornitolóxicos, de cara a un mellor coñecemento, aprecio e conservación dos mesmos.

OBXECTIVOS

- Achegar aos estudantes galegos de secundaria ao coñecemento das aves de Galicia.
- Realizar unha aproximación aos diferentes tipos de hábitats da avifauna da nosa comunidade.
- Fomentar a valoración dos recursos ornitolóxicos de Galicia.
- Promover o gusto pola observación das aves.

TEMPO

Nesta unidade didáctica preséntase un grupo de actividades lúdicas, construtivas e significativas, para desenvolver antes, durante e despois da visita á exposición. A través delas preténdese que o/a educador/a faga un aproveitamento integral dos coñecementos, actitudes e aptitudes desenvoltas coa visita á exposición. Para facilitar a súa temporalización, cada actividade irá acompañada dos seguintes símbolos:

- Ⓐ Indica que se recomenda realizar antes da visita á exposición.
- Ⓔ Indica que se recomenda realizar durante a visita á exposición.
- Ⓓ Indica que se recomenda realizar despois da visita á exposición.

METODOLOXÍA

En cada unha das actividades indícase a metodoloxía a seguir para o seu desenvolvemento. Asemade, achéganse os seguintes símbolos:

- ① Actividade para realizar de xeito individual.
- ② Actividade para realizar en grupo.

RECURSOS MATERIAIS

En cada unha das actividades indícanse os recursos materiais necesarios para o correcto desenvolvemento das mesmas.



1. ONDE VIVEN AS AVES?

A
1 En Galicia pódense diferenciar numerosos hábitats. Na columna da dereita facemos unha pequena clasificación dos hábitats das aves galegas. Atopa a definición correcta para cada un deles.

- 1 Bosque de árbores de especies misturadas, no que non interviu a man humana, creado pola natureza.
- 2 Lugar situado a certa altura sobre o nivel do mar en relación a outro menos elevado.
- 3 Val fluvial ocupado polo mar debido ó aumento de nivel deste, á erosión dos ríos ou ós movementos tectónicos.
- 4 Curso natural e permanente de auga doce, que flúe por un leito e que desemboca no mar, lago ou río.
- 5 Espazo propio dos núcleos urbanos ou cidades.
- 6 Espazo grande de terra chaira labrantía.
- 7 Extensión de area ou pedra miúda, polo xeral plana, á beira do mar.
- 8 Accidente xeográfico que adquire a forma dunha pendente abrupta e que se localiza xunto ás costas.
- 9 Zona de terras, xeralmente planas, na que a superficie se alaga permanente ou intermitentemente.
- 10 Grande extensión de terreo chan ou con poucas ondulacións.
- 11 Zona de Galicia onde predomina o clima mediterráneo.

Acantilado costeiro A

Campiña B

Medio urbano C

Chaira D

Fraga E

Galicia mediterránea F

Zonas húmidas de interior G

Montaña H

Praia I

Ría J

Río K





SOLUCIÓN: 1E, 2H, 3J, 4K, 5C, 6B, 7I, 8A, 9G, 10D, 11F



Aves de Galicia

unidade didáctica para secundaria

A I No seguinte cadro pódense ver once fotografías que representan os once hábitats ornitolóxicos galegos antes referidos. Intenta identificalos.



SOLUCIÓN (de esquerda a dereita e de arriba a abaixo): Ría, Río, Mar, Monte, Bosque, Zona húmida de interior, Montaña, Medio urbano, Acantilado costeiro, Campiña e Galicia mediterránea.



Hábitats das aves galegas



OS ACANTILADOS COSTEIROS. O vento, as ondas, a salinidade do ambiente ou a choiva converten os acantilados en lugares moi pouco hospitalarios e case inaccesibles, polo que moitas aves atopan aquí un lugar para nidificar a salvo de depredadores.



A CAMPIÑA ATLÁNTICA. A agricultura e a gandería tradicionais transformaron o medio natural dende tempos remotos. En Galicia xurdiu así a campiña. Nela combínanse sebes vivas, muros de pedra, pequenos bosques, vivendas e cortes, cultivos, pasteiros... As aves que aquí viven dependen do mantemento desta paisaxe tan nosa.



O MEDIO URBANO. Moitas aves aprenderon a aproveitar as oportunidades que lles brindan as nosas cidades, alí atopan alimento e protección, e poucos depredadores.



AS CHAIRAS. Moitas das aves que viven aquí nidifican directamente sobre o chan ou a moi escasa altura. Grazas ao despexado do terreo, hai un bo campo de visión e é máis doado detectar o perigo. Ademais, as altas herbas e a matogueira de toxo e breixo converten estas zonas en lugares moito máis seguros do que puidese parecer.



AS FRAGAS. As aves buscan alimento baixo as follas caídas, agóchanse nas masas de arbustos, os seus niños acomódanse á estrutura da fraga (no chan, nas masas de herbas, nas pólas, nas altas copas das árbores e incluso dentro dos troncos). Ningún espazo das fragas queda desaproveitado.



A GALICIA MEDITERRÁNEA. No sueste de Galicia chove menos e vai máis calor no verán. A vexetación, de carácter mediterráneo, acolle unha importante comunidade de aves, entre elas moitas especies escasas no resto da nosa comunidade.



AS ZONAS HÚMIDAS DE INTERIOR. Estes ecosistemas son moi complexos e fráxiles e, asemade, extraordinariamente ricos en biodiversidade.



A MONTAÑA. A montaña é máis diversa do que parece a simple vista. A pesar do frío invernal e do vento, varias especies teñen aquí o seu fogar. Algunhas delas son exclusivas deste medio, e moitas son escasas e atópanse ameazadas de extinción.



Aves de Galicia

unidade didáctica para secundaria



A PRAIA E O MAR. Nas costas reúnen e interrelaciónanse seres vivos terrestres e organismos mariños. Na praia, na zona de resaca, aparecen animais mortos de toda caste. Por outra banda, o mar tamén devolve a terra toda sorte de insectos arrastrados cara o interior que, extenuados, pereceron nel. Así nas praias a mesa está ben servida para moitas especies de aves. Alén das praias esténdese o océano, onde comparten as ondas especies chegadas de todos os recantos da Terra.



AS RÍAS. Como linguas de mar que se internan na costa, coincidindo coa desembocadura dun río, as nosas rías son un dos ambientes máis ricos e produtivos do planeta. Aquí é doado observar, sobre todo durante as migracións primaverais e outonais, numerosas especies de aves zancudas que corrican pola area e a lama en busca de invertebrados.



OS RÍOS E RIBEIRAS. En Galicia, un río sen beiras cubertas de vexetación e abundantes árbores é só medio río. Fáltalle algo tan esencial como a auga: a vida. Salgueiros e ameneiros achegan sombra e frescor, e as súas raíces reteñen a terra cando hai enchentes. É o que necesitan multitude de criaturas para dispoñer do mellor dos hábitats. Por exemplo, as aves.



Agora que xa es un experto nos hábitats das aves galegas... poderías responder correctamente as seguintes preguntas?

1. Por que se caracteriza a campiña atlántica?
2. Que vantaxes ofrece o medio urbano para as aves?
3. Que inconvenientes pode ter para un depredador vivir nas fragas?
4. Que zonas húmidas de interior coñeces?
5. Cita algunha zona de Galicia que estea especialmente protexida para as aves.




Aves de Galicia

unidade didáctica para secundaria

2. AS AVES DE GALICIA

D } Velaquí temos unha pequena representación das aves que moran Galicia.
1 } Recoñécelas? De que hábitat son máis características?
(podes usar unha guía de aves)



Nº Nome da ave (hábitat)

2 _____
4 _____
6 _____
8 _____
10 _____
12 _____
14 _____

1 _____
3 _____
5 _____
7 _____
9 _____
11 _____
13 _____
15 _____



Aves de Galicia e hábitats



OS ACANTILADOS COSTEIROS. A **gaivota tridáctila** constrúe o seu niño de algas preto do **arao**, que en inverno chega dende as illas británicas aínda que non para criar. En diversas paredes e illotes do noso litoral cría o **andoriñón real**. O **corvo mariño cristado** mergúllase para capturar peixes mentres o **corvo grande** realiza exhibicións de voo.



A CAMPIÑA ATLÁNTICA. Na primavera chegan dende África a **rula común** e o **picanzo vermello**, ambos os dous regresan ao sur cando chegan os meses de frío, ao igual que o **cuco**, que pon os seus ovos no niño doutras especies. A **escribenta amarela** fai o seu niño no chan ou a pouca altura. O **miñato** e a **curuxa** son as aves rapaces máis comúns na campiña de día e de noite, respectivamente.



O MEDIO URBANO. Algunhas das aves máis comúns son o **pardal** e a **andoriña**, que ás veces constrúe o seu niño no interior dos edificios. Ao anoitecer, o **estorniño negro** e a **lavandeira branca** acostuman reunirse en dormitorios nas árbores de parques e xardíns. O **cirrio** é unhas das nosas aves máis velozes. As azoteas son do **rabirrubio** e as zonas axardinadas do **merlo**. A **pega** é unha especialista en aproveitar os recursos do medio urbano. Pero todas estas aves deben estar alerta xa que en ocasións son visitas por un depredador: o **falcón peregrino**.



AS CHAIRAS. O **sisón** recibe o seu nome do siseo que producen as súas ás ao voar. Os grandes ollos do **alcaraván** permítenlle ver moi ben con pouca luz. Nos invernos máis fríos chega a Galicia a **avefría**. Grazas ao seu longo pico, o **mazarico real** captura invertebrados baixo terra. Mentres a **tartaraña cincenta** sobrevoa os campos en busca de ratos e trilladeiras, a **laverca** suspéndese no ceo a moita altura emitindo o seu variado e fermoso canto.



AS FRAGAS. O **peto real** busca insectos perforando a codia das árbores mentres o **gabeador común** agatuña tronco arriba cun rato. Unha das aves máis fermosas da nosa terra é o **cardeal**. Os cantos máis sonoros da fraga son os do **tordo común** ou os da **papuxa das amoras**. O **ferreiriño real** explora cada rama para descubrir invertebrados cos que alimentarse. Todos eles permanecen alerta; de día para non converterse no xantar do azor; de noite para non rematar nas poutas da **avelaiona**.



AS ZONAS HÚMIDAS DE INTERIOR. O **mergullón pequeno** é un excepcional nadador e mergullador pero móvese con moita dificultade sobre terra firme, por iso fabrica niños flotantes ao igual que a **galiñola negra**. A **galiñola** é de carácter solitario por iso prefere charcas próximas a zonas habitadas. O pato máis abundante das zonas húmidas é o **lavanco**. A subespecie da **escribenta das canaveiras**, que vive en Galicia entre a vexetación de carrizo da beira e os campos de arredor, é única no mundo. A **garza real** utiliza o pico e o seu colo como arpón para capturar pequenos peixes e ras.



Aves de Galicia

unidade didáctica para secundaria



A GALICIA MEDITERRÁNEA. As aciñeiras son un dos lugares preferidos do picaflor de Bonelli e as ladeiras despexadas con rochedos e árbores son territorio do pombo pequeno. A papuxa carrasqueira, o rousinol, a escribenta hortelá e o picanzo cabecirrubio son algunhas das aves que buscan refuxio e alimento en matogueiras e espiñeirais.



A MONTAÑA. O merlo rubio vive entre as rochas núas e a charrela prefere a matogueira onde atopa alimento. O ferreiriño palustre pásase polas árbores en busca de invertebrados. A aguiá real planea polo ceo en busca de presas mentres a azulenta alpina e o papoazul se esconden entre os prados e arbustos. O bufo real é o depredador máis temible dos profundos vales. As bandadas de choia sobrevoan ladeiras e cumios emitindo a súa aguda voz.



A PRAIA E O MAR. A píllara das dunas fai o seu niño directamente na area mentres o pilro tridáctilo utiliza as praias como refuxio durante as súas longas viaxes entre o Ártico e África. O mascato ten case dous metros de envergadura e pesca mergullándose en picado. De xeito similar pesca o carrán cristado. O furabunchos balear vai e vén preto da costa, e a miúdo penetra nas nosas rías. Outra ave parecida á anterior é a pardela escura que se achega no outono ao igual que o pentumeiro.




AS RÍAS. A máis abundante é o pilro común que forma bandadas. A píldora cincenta chega aquí dende Siberia mentres a gabita vén das costas e campos europeos. Os virapedras voltean pedras e algas para buscar alimento baixo elas. O bilurico das rochas establece cada inverno o seu propio territorio. A gaivota máis común nas rías é a gaivota patiamarela que forma colonias en moitas das nosas illas e chega a criar nos tellados dos edificios. Nas zonas menos profundas, garzotas e cullereiros capturan o seu alimento. Durante o inverno chegan algunhas aguias pescadoras procedentes do centro e norte de Europa.



OS RÍOS E RIBEIRAS. A lavandeira real percorre as beiras capturando insectos. O merlo rieiro prefere mergullarse baixo a auga en busca de pequenos invertebrados. Entre as ramas máis altas das árbores aparece cada primavera o ouriolo, que, co picaflor ibérico voa ao sur do Sáhara ao chegar o outono. Case ao mesmo tempo veñen do norte de Europa as bandadas de úbalos. Aínda máis arriba, planeando e sempre vixiante, o millafre negro vén ao río capturar ras ou peixes.


- Ⓛ Agora que xa es unha/un experta/o nas aves de Galicia,
Ⓛ proba a realizar unha pequena guía das aves da túa
Ⓛ localidade. Para elo recomendámosche que fagas algunha
saída de campo para observalas.



Aves de Galicia

unidade didáctica para secundaria

📅 1 Velaquí temos unha encrucillada de aves de Galicia. Anímate a descubrilas!



HORIZONTAIS

1. Mergúllase baixo a auga en busca de invertebrados.
2. Pato máis abundante das zonas húmidas.
3. Voltea pedras e algas para buscar alimento baixo elas.
4. Ave que, ás veces, constrúe o seu niño no interior dos edificios.
5. Pon os seus ovos no niño doutras especies.

VERTICAIS

1. Ave con case dous metros de envergadura.
2. Fai o seu niño directamente na area.
3. Recibe o seu nome do siseo que producen as súas ás ao voar.
4. Ave rapaz nocturna máis común na campiña.
5. Busca refuxio e alimento en matogueiras e espiñeirais.

SOLUCIÓN: Horizontais (1. MERLO RIEIRO 2. LAVANCO 3. VIRAPEDRAS 4. ANDORIÑA 5. CUCO)

📅 1 AFECCIÓNATE ÁS AVES! Ademais de gozar da natureza farás exercicio e contribuírás ao estudo e observación. Estes son os materiais que precisas:



PRISMÁTICOS

Os ideais son os de 8x40 ou os de 10x40 (nunca máis de 10x50)



GUÍA DE CAMPO E CADERNO

Para identificar as aves e tomar notas

TELESCOPIO TERRESTRE

Para os máis experimentados!



CÁMARA FOTOGRÁFICA

Precisarás un obxectivo potente para acadar fotos de calidade

ROUPA

Recorda levar roupa axeitada de cor verde, marrón ou gris para non asustar ás aves. Leva gorra, roupa de abrigo e chubasqueiro. O calzado debe ser cómodo, forte e resistente á auga.



galiciab